

NEGOCIACIÓN CONVOCATORIAS DE PAS FUNCIONARIO

ACTA Nº 4

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente
José M. Fernández Viña, Xefe do Servizo de PAS

Redacción de acta:

María Isabel Fernández Uría

XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Xoan M. Cebro Rodríguez (Presidente - CIG)
María José Ríos Santomé (Secretaría - CIG)
Mónica Zas Varela (CIG)
Henrique Macías Cambra (CIG)
Francisco Navaza Dafonte (UGT)
Mónica Méndez López (UGT)

Os membros da Universidade de Vigo relacionados, previa a correspondente convocatoria, mantiveron unha reunión ás 12:15 horas do día 26 de abril de 2018, no edificio da Xerencia coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación da acta da reunión anterior.

Ademais da acta nº 3, do 17/04/18, asinanse as actas nº 1, do 22/03/18 e nº 2, do 04/04/18. Tamén se asina a acta nº 4, do 16/11/17, de negociación da Oferta de Emprego Público 2017.

2. Negociación das convocatorias:

- promoción interna aos subgrupos C1 e A2
- acceso libre á Escala de Letrados


O Xerente lembra que na anterior reunión achegou unha proposta de convocatorias de promoción que se aproximaba á da Xunta de PAS e esta quedara en analízala para tratar nesta reunión. Tamén solicitara á Xunta de PAS que propuxera membros para os 3 tribunais.

O Presidente da Xunta PAS di que tras ser elixido un novo Reitor, a situación mudou porque leva no seu programa o proxecto de promoción a C1 da Xunta de PAS así como negociar as convocatorias de C1 a A2 e de Letrados. Propón que a Xerencia, se o ten a ben, publique a convocatoria do grupo C2 ó C1, tal e como a aprobou a Xunta de Persoal para non prexudicar ós compañeiros, e que as demais queden para a negociación co novo equipo de goberno

O Xerente indica que estamos nun proceso negociador, que debe levar a ambas partes a chegar a acordos e que o seu propósito é rematar canto antes e con acordo esta negociación, así como convocar canto antes as promocións e a praza de letrado, pero que perante a decisión da Xunta de PAS entende que todo este proceso queda paralizado moi ao seu pesar.

Universidade de Vigo

Agradecendo a colaboración e o ton de traballo mantido o Xerente ao non ter máis asuntos que tratar da por rematada a reunión ás 12:30h.

A handwritten signature in blue ink, consisting of a large, stylized initial 'R' followed by a long horizontal stroke and a final flourish.